

**CONCELLO DE CARBALLO**  
C.I.F.: P1501900C  
Praza do Concello S/N  
Teléfono 981 70 41 00  
www.carballo.gal  
infocarballo@carballo.gal  
15100 CARBALLO - A Coruña



Exp. 2022/G010/000005



**ACTA DA SESIÓN 5/2022 ORDINARIA  
CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL  
O DÍA 30 DE MAIO DE 2022**

**Aprobada polo Pleno Municipal na sesión  
ordinaria 6/2022 de data 27/06/2022**

**A Secretaria Accidental**

## **ORDE DO DÍA:**

- 1.- Acta da sesión anterior (25/04/2022). Aprobación.**
- 2.- Anexo de expropiacións do anteproxecto para a execución da obra hidráulica de remodelación integral do parque de San Martiño - construción de motas de protección fronte ás enchentes, prevista no Plan específico de xestión de risco de inundación (PEXRI) na área de con risco potencial significativo de inundación (ARPSI) do río Anllóns. Aprobación definitiva. (CIFECRIC de 24/05/2022).**
- 3.- Protocolo de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o concello de Carballo para o mantemento das sendas peonís na AC-552 e outros elementos do dominio público viario. Aprobación. (CIPUM de 24/05/2022).**
- 4.- Modificación Puntual do PXOM de delimitación de núcleo rural nº 2, no lugar do Monte. Aprobación provisional. (CIPUM de 24/05/2022).**
- 5.- Regulamento municipal dos servizos bibliotecarios do concello de Carballo. Aprobación inicial. (CIBPS de 24/05/2022).**
- 6.- Moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE, rexistro de entrada n.º 202290000002848 do 29 de abril, para elaborar unha estratexia municipal contra a soidade non desexada. (CIBPS de 24/05/2022).**
- 7.- Moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE, rexistro de entrada n.º 202290000002975 do 5 de maio para crear o “Recuncho do xadrez”, así como para celebrar o día mundial e promocionar o xogo. (CIBPS de 24/05/2022).**
- 8.- Moción do grupo municipal do Partido Popular, rexistro de entrada n.º 202299900002042 do 18/05/2022, sobre Bonificacións no IVTM a vehículos ECO e 0 emisións. (CIFECRIC de 24/05/2022).**
- 9.- Moción do grupo municipal do PP, rexistro 202299900002043 de 18/05/2022 para incentivar o uso vehículos “eco” e “0 emisións”. (CIFECRIC de 24/05/2022).**
- 10.- Seguimento de órganos de goberno:**
  - 10.1.- Informe de Intervención e Tesourería do cumprimento da lei 15/2010 do 5 de xullo, que modifica a lei 3/2004 do 29 de decembro, de medidas contra a morosidade, relativo ao primeiro trimestre de 2022. Toma de coñecemento.
  - 10.2.- Información rendida ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas en cumprimento do artigo 16 da orde MAP/2105/2012 do 1 de outubro. Execución do primeiro trimestre de 2022. Toma de coñecemento.
  - 10.3.- Resolucións da Alcaldía
  - 10.4.- Acordos da Xunta de Goberno Local
  - 10.5.- Rogos e Preguntas

## **ACTA Nº 5/2022 DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL O DÍA 30 DE MAIO DE 2022**

Na Casa Consistorial o trinta de maio de dous mil vinte e dous (30/05/2022) sendo as vinte horas e trinta e tres minutos (20:33 h.), reúnense os membros do Pleno, no salón de plenos do Concello de Carballo, en primeira convocatoria, para celebrar a sesión ordinaria, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. EVENCIO FERRERO RODRIGUEZ, coa asistencia dos Concelleiros seguintes:

Polo Grupo Político Municipal do BNG (ademais do Sr. Alcalde):

- D<sup>a</sup> María Belén Lendoiro Esmorís
- D<sup>a</sup> Milagros Lantes Seara
- D. Juan Manuel Seoane Collazo
- D. Marcos José Trigo Facal
- D. Xosé Regueira Varela
- D<sup>a</sup> María del Carmen Ures García
- D<sup>a</sup> Maruxa Suárez Coteló
- D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Mar Eirís Villar
- D. Iván Andrade Tasende
- D. Miguel Ángel Vales Mallo
- D. Luis María Lamas Álvarez

Polo Grupo Político Municipal do PP:

- D. José Antonio Domínguez Pallas
- D<sup>a</sup> Paula Nogueira Costa
- D. Rubén Lorenzo Gómez
- D<sup>a</sup> María Beatriz Neira Varela

Polo Grupo Político Municipal do PSdG-PSOE:

- D<sup>a</sup> María Carmen Vila Blanco
- D. Valentín Costa Trillo
- D. César Fernando Varela Novo

Polo Grupo Político Municipal de TEGA:

- D. José Bello Pallas
- D. Andrés Eirís Barca

Asiste pola Intervención a Interventora municipal, dona Irache Enríquez Albaina, e pola Secretaría a Secretaria Accidental dona Carmen del Río Rodríguez, que actúa como secretaria e dá fe do acto.

Antes do inicio da sesión o Sr. Alcalde dá lectura á declaración institucional con motivo da agresión sufrida por unha veciña de Carballo:

### **“DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CONTRA AS AGRESIÓN MACHISTAS**

Dende este salón de plenos, no nome de toda a sociedade carballesa e co desexo dunha pronta recuperación, queremos facerlle chegar a (Alejandra ou vítima desta brutal agresión machista) toda a forza do pobo de Carballo e queremos convidar aos nosos veciños e veciñas a concentrarse mañá martes, ás 19.00 horas na Praza do Concello como mostra da solidariedade de toda a veciñanza e como símbolo do compromiso do pobo de Carballo contra as violencias.

Volvemos a rexeitar a violencia de xénero e condenamos a brutal agresión machista que ven de sufrir a nosa veciña. Esa brutalidade, que hoxe sufrimos todos con unha nai de familia, unha irmá, unha filla, unha amiga... debaténdose entre a vida e a morte. E iso ten que facernos reflexionar sobre todos os casos de violencia de xénero que se producen cada día á nosa beira e que permanecen agochados dentro dos fogares, nese ámbito no que hai quen non quere que saian porque seguen negando a evidencia dunha violencia que agrede, e tamén mata, ás mulleres polo simple feito de selo.

Declarada aberta a sesión, trátanse os seguintes asuntos incluídos na orde do día.

## 1.- Acta da sesión anterior (25/04/2022). Aprobación.

O Pleno Municipal acorda, por unanimidade dos seus membros (21), aprobar a acta da sesión celebrada o día 25 de abril de 2022, que foi repartida coa convocatoria.

## 2.- Anexo de expropiacións do anteproxecto para a execución da obra hidráulica de remodelación integral do parque de San Martiño - construción de motas de protección fronte ás enchentes, prevista no Plan específico de xestión de risco de inundación (PEXRI) na área de con risco potencial significativo de inundación (ARPSI) do río Anllóns. Aprobación definitiva. (CIFECRIC de 24/05/2022).

Dáse conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda, Especial de Contas, Réxime Interior e Contratación do 24/05/2022, punto 2 da orde do día, e da proposta da Concelleira Delegada de Planificación, Estratexia Urbana e Contratación do 19/05/2022.

«ASUNTO: Anexo de expropiacións do anteproxecto para a execución da obra hidráulica de remodelación integral do parque de San Martiño - construción de motas de protección fronte ás enchentes, prevista no Plan específico de xestión de risco de inundación (PEXRI) na área de con risco potencial significación de inundación (ARPSI) do río Anllóns. Aprobación definitiva.

EXPTÉ. 2021/U040/000004

PROMOTOR: Concello de Carballo

REX. ENTRADA: 202199900004226 de 31/08/2021; 202299900001695 de 26/04/2022

REDACTOR: Isidro López Yáñez (Arq. Col. 2261 COAG) e Beatriz Blanco Lois (Enx. Tec. Agrícola Col 1909), como integrantes da entidade "ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO, S.A."

Visto o anexo de expropiacións para a obtención dos terreos que se consideran necesarios para a execución da obra hidráulica prevista no anteproxecto do anteproxecto da obra hidráulica de remodelación integral do Parque San Martiño, construción de motas de protección fronte ás enchentes, que foi redactado por "Estudio Técnico Gallego S.A."

Resultando que o anteproxecto da obra indicada foi aprobado tecnicamente pola directora de Augas de Galicia (Clave OH.415.1213) con data 15/03/2021 e que está incluída no plan de específico de xestión realizado por Augas de Galicia, na area con risco potencial significativo de inundación (ARPSI) do río Anllóns ESO 14-CO 10-01-04, como unha das actuacións prioritarias para facer fronte ás inundacións na zona urbana de Carballo e, de xeito específico, para minimizar os danos asociados as mesmas na zona do parque San Martiño, entre a ponte da rúa do Sol e a ponte de San Martiño e a rúa Iglesia.

Na actualidade o anteproxecto inicial xa avanzou na súa redacción técnica para converterse no «Proxecto construtivo de remodelación integral do parque San Martiño. Construción de motas de protección fronte avenidas do río. Carballo (A Coruña)» Clave: OH.415.1213, constando noutro expediente municipal que foi obxecto de informe de supervisión con data 04/11/2021, polo departamento da oficina técnica do ente público empresarial Augas de Galicia concluíndo que «reúne os requisitos esixidos pola Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, para servir de base ao contrato das obras».

Resultando que esta actuación está dentro do convenio de colaboración entre o Concello de Carballo e o ente público Augas de Galicia asinado o 15/01/2021, para poñer a disposición de Augas de Galicia os terreos necesarios para dita obra.

Considerando que de conformidade co disposto nos artigos 28 e 29, e disposición adicional oitava, da Lei 9/2010 de Augas de Galicia, a aprobación do anteproxecto da obra hidráulica levará implícita a declaración de utilidade pública e a necesidade de urxente ocupación dos bens e dereitos, aos fins de expropiación forzosa.

Considerando que o Pleno da Corporación na sesión de 29/11/2021 adoptou o acordo de aprobación sobre o anexo de expropiacións, declaración de utilidade pública e necesidade de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados, e someter a información pública a obra e o anexo de expropiacións.

Logo da notificación individual realizada aos afectados e da publicación dos anuncios preceptivos (Web municipal, taboleiro de edictos, xornais, BOP e DOG) e vistas as alegacións presentadas polos afectados, déuselle traslado ao equipo redactor que presentou o 26/04/2022 un novo anexo de expropiacións incluíndo o informe sobre as alegacións presentadas.

Visto o anexo de expropiacións presentado para a aprobación definitiva e o informe municipal con proposta de resolución, asinado polo arquitecto municipal xefe da área de urbanismo e polo técnico xurídico do servizo urbanismo. De conformidade co anexo de expropiacións redactado pola entidade Estudio Técnico Gallego, S.A. e co informe dos técnicos municipais, fórmulase a seguinte proposta de acordo para someter ao Pleno da Corporación previo ditame da comisión informativa de Facenda.»

O Sr. Eirís Barca, concelleiro do grupo municipal TEGA, manifesta que mantén o sentido do voto que é a abstención, sinalando que é un paso máis para unha obra que xa tiña que estar rematada.

A Sra. Vila Blanco, concelleira do grupo municipal do PSdG-PSOE, cambia o sentido do voto a favor, xa que é favorable a continuación do programa de zonas inundables.

O Sr. Lorenzo Gómez, concelleiro do grupo municipal do PP, valora a actuación que pon fin as inundacións, e cambia o sentido de voto a favor.

Sometido o asunto a votación, con dezanove (19) votos a favor, dos concelleiros pertencentes ós grupos municipais do BNG (12), PSdG-PSOE (3) e PP (4), e dúas (2) abstencións dos concelleiros pertencentes ó grupo municipal Terra Galega, o Pleno da Corporación Municipal acorda:

**Primeiro.-** Considerar como interesados afectados aos titulares de bens e dereitos das seguintes fincas, segundo a documentación achegada durante o trámite de información pública:

1. Finca 1-3: Finca inscrita no Rexistro da Propiedade de Carballo, co número 23111, que figura a nome de Felisa Cancela Rodríguez (usufructo), María Carmen Nión Cancela, María Otilia Nión Cancela, María Albina Nión Cancela, José Manuel Nión Cancela e Asunción Fieira Busto (1/5 parte indivisa da nuda propiedade, cada titular).
2. Finca 1-29. Titulares: Eduardo Rey Barrán e María Pilar Rey Freire, titularidade de cadansúa 1/3 parte indivisa desta finca, segundo escrituras públicas de entregas de legados que constan presentadas (correspondendo a outra 1/3 parte indivisa a outros herdeiros da familia Barrán Blanco).
3. Finca 1-30. Finca inscrita no Rexistro da Propiedade de Carballo, co número 30495, e como titulares indivisos da mesma figuran inscritos: José Manuel Lorenzo Antelo, María Lucinda Lorenzo Antelo e José Ramón Lorenzo Antelo, por título de herdanza (1/4 parte indivisa cada irmán) e por título de compra ganancial xunto cos respectivos cónxuxes María del Carmen Alonso Martínez, José Antonio Anido López e María Mercedes Pose Pastoriza. (1/12 parte indivisa cada sociedade ganancial).

**Segundo.-** Estimar parcialmente as alegacións formuladas por escrito de 13/01/2022 (R.E. 202299900000106), por María del Carmen Nión Cancela, no relativo a superficie afectada existente entre a delimitación catastral e a rúa da Igrexa, que da un total de 196 m<sup>2</sup>.

Desestimar as demais alegacións presentadas nas datas 13/01/2022 (R.E. 202299900000106), 27/01/2022 (R.E. 202200000000376), 09/02/2022 (R.E. 202200000000657) e 16/02/2022 (R.E. 202200000000768) polos titulares das fincas 1-3, 1-29, 1-30 e 1-44, respectivamente, en base ás consideracións expostas no informe de alegacións incorporado no anexo de expropiacións e no apartado X do informe técnico municipal.

**Terceiro.-** Ter por aprobada a obra hidráulica proxectada que foi sometida a información pública e promove Augas de Galicia incluída no “PLAN ESPECÍFICO PARA A XESTIÓN DE INUNDACIÓN NA ARPSI DO RÍO ANLLÓNS: REMODELACIÓN INTEGRAL DO PARQUE DE SAN MARTIÑO CONSTRUCCIÓN DE MOTAS DE PROTECCIÓN FRONTE A AVENIDA” cuxo proxecto foi aprobado tecnicamente pola Presidencia de Augas de Galicia o 22 de novembro de 2021.

**Cuarto.-** Aprobar definitivamente o anexo de expropiacións para a obtención dos terreos que se consideran necesarios para a execución da obra hidráulica prevista no “PLAN ESPECÍFICO PARA A XESTIÓN DE INUNDACIÓN NA ARPSI DO RÍO ANLLÓNS: REMODELACIÓN INTEGRAL DO PARQUE DE SAN MARTIÑO CONSTRUCCIÓN DE MOTAS DE PROTECCIÓN FRONTE A AVENIDA”, segundo o

documento redactado pola entidade Estudio Técnico Gallego S.A. e asinado polo arquitecto Isidro López Yáñez (Arq. Col. 2261 COAG) e Beatriz Blanco Lois (Enx. Tec. Agrícola, Col. 1909).

**Quinto.-** Aprobar con carácter definitivo a ratificación da declaración de utilidade pública e a necesidade de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola obra hidráulica indicada, proxectada por Augas de Galicia como unha actuación prioritaria fronte ás inundacións na zona urbana de Carballo e, de xeito específico, para minimizar os danos asociados as mesmas na zona do parque San Martiño, entre a ponte da rúa do Sol e a ponte de San Martiño e a rúa Iglesia, de conformidade co disposto nos artigos 28 e 29, e na disposición adicional oitava, da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de Aguas de Galicia.

**Sexto.-** Aprobar tamén con carácter definitivo a seguinte relación de bens e dereitos afectados que figura no anexo de expropiacións indicado.

RELACION DE TITULARES, BENS E DEREITOS AFECTADOS							
FINCA	SUBPARCELA	REF. CATASTRAL	TITULAR	SUPERFICIE TOTAL (m2)	SUPERFICIE AFECTADA (m2)	CLASIFICACIÓN URBANÍSTICA	SITUACIÓN BÁSICA DO SOLO
1	3	5343901NH285450001SF	MARIA CARMEN NION CANCELA Y OTROS	354	196	SOLO URBANO NON CONSOLIDADO	RURAL
	1		CONCELLO DE CARBALLO (DOMINIO PÚBLICO)		5	SOLO URBANO NON CONSOLIDADO	RURAL
	2		CONCELLO DE CARBALLO (DOMINIO PÚBLICO)		677	SOLO URBANO NON CONSOLIDADO	RURAL
	28		MANUEL PEREGIL CAMBON Y OTROS	2.221	1.332	SOLO URBANO NON CONSOLIDADO	RURAL
	29		EDUARDO REY BARRAN Y OTROS	1.401	325	SOLO URBANO NON CONSOLIDADO	RURAL
	30		MARIA LUCINDA LORENZO ANTELO Y OTROS	578	577	SOLO URBANO NON CONSOLIDADO	RURAL
	31		ROSA FACAL PONTE Y OTRO	827	766	SOLO URBANO NON CONSOLIDADO	RURAL
	32		JOSEFA FUENTES SOUTO Y OTROS	571	543	SOLO URBANO NON CONSOLIDADO	RURAL
	33		MANUEL FRAGA CALVO	371	177	SOLO URBANO NON CONSOLIDADO	RURAL
	43		MARIA ARMENTINA BARCA VARELA Y OTRO	214	143	SOLO URBANO NON CONSOLIDADO	RURAL
	44		ESTANISLAO - RAMON ESPAÑA RECAREY	962	776	SOLO URBANO NON CONSOLIDADO	RURAL

**Sétimo.-** De conformidade co previsto no artigo 52.2 e 6 da Lei de expropiación forzosa, de 16 decembro de 1954, convocase a todos os interesados afectados para o día 14 de xullo de 2022, para levantar a acta previa á ocupación, e para o día 8 de setembro de 2022, para o pago dos depósitos previos á ocupación e redactar a acta de ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación, as 10 horas na sede do Concello de Carballo, nos dous casos.

O que se notificará aos interesados e publicaranse edictos nos taboleiros oficiais e, en resumo, no Boletín Oficial do Estado, no Boletín Oficial da Provincia, nun xornal local e en dous xornais da capital da provincia.

### **3.- Protocolo de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o concello de Carballo para o mantemento das sendas peonís na AC-552 e outros elementos do dominio público viario. Aprobación. (CIPUM de 24/05/2022).**

Dáse conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Planificación Urbana e Mobilidade do 24/05/2022, punto 2 da orde do día, relativo á proposta do Sr. Alcalde de 16/05/2022, contida no expediente 2022/A006/000011.

O Sr. Eirís Barca, concelleiro do grupo municipal de TEGA, mantén o sentido do voto que é a abstención.

A Sra. Vila Blanco, concelleira do grupo municipal do PSdG-PSOE, cambia o sentido do voto, e manifesta que votarán a favor, aínda que a actuación do Concello consiste no mantemento e limpeza unicamente, ela cre na colaboración entre Administracións.

O Sr. Lorenzo Gómez, concelleiro do grupo municipal do PP, manifesta que votarán a favor, e resalta a importancia da colaboración AXI-Concello de Carballo, para o aumento de inversións e potenciar a coordinación.

Sometido o asunto a votación, con dezanove (19) votos a favor, dos concelleiros pertencentes ós grupos municipais do BNG (12), PSdG-PSOE (3) e PP (4), e dúas (2) abstencións dos concelleiros pertencentes ó grupo municipal Terra Galega, o Pleno da Corporación Municipal acorda:

**Primeiro.-** Aprobar o “Protocolo de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o concello de Carballo para o mantemento das sendas peonís na AC-552 e outros elementos do dominio público viario”, cuxa parte expositiva e consideracións se transcriben no ANEXO a este acordo.

**Segundo.-** O Sr. Alcalde asinará o protocolo antedito e ditará as ordes oportunas para a súa execución.

**Anexo.- Protocolo de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o concello de Carballo para o mantemento das sendas peonís na AC-552 e outros elementos do dominio público viario.**

#### «EXPOÑEN

**Primeiro.-** No ano 2017 redactouse o proxecto construtivo de itinerario peonil e ciclista na AC-552, pp.qq. 32+620 ao 34+400. As obras da dita senda mixta, con uso para peóns e ciclistas, a ámbalas dúas marxes da calzada, foron recepcionadas o 28/01/2022.

**Segundo.-** Estas actuacións estaban enmarcadas no Plan de Sendas na comarca de Bergantiños, no que a Xunta realizou un considerable investimento ao longo de varios anos, para construír itinerarios seguros e sostibles a disposición dos veciños da contorna de Bergantiños, así como dos moitos visitantes que acudan a desfrutar duns espazos de tránsito integrados na paisaxe.

**Terceiro.-** A senda da AC-552, clave AC/16/082.06, foi financiada con fondos FEDER, dentro do programa operativo FEDER Galicia 2014-2020, e con fondos propios da Comunidade Autónoma.

**Cuarto.-** Segundo o artigo 47.1. da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público as administracións públicas poderán subscribir protocolos de actuación nos que expresen a vontade das partes que so formalizan para actuar cara a consecución dun obxectivo común.

En consecuencia, considerando a confluencia dos intereses das partes comparecentes, formalízase o presente protocolo con suxeición ás seguintes

#### CONSIDERACIÓNS

##### **PRIMEIRA.- Obxecto**

O presente protocolo ten por obxecto establecer o marco xeral da colaboración entre as partes para a conservación e mantemento das sendas peonís na AC-552 que discorren polo concello de Carballo, así como doutros elementos encadrados no dominio público viario da dita vía que a continuación se detallan:

Na AC-552 (A Coruña – Cee)

- Senda peonil na marxe dereita, pp.qq. 32+620 a 33+200. Inclúese un parterre axardinado de anchura variable, entre 0,75 e 2,50 m.
- Senda peonil na marxe esquerda, pp.qq. 32+620 a 34+400. Inclúese un parterre axardinado de anchura variable, entre 0,75 e 4,35 m.
- Redes dos distintos servizos de electricidade, telecomunicacións, alumeadado público e de abastecemento e saneamento de auga.
- A dita senda da continuidade as beirarrúas existentes no núcleo urbano de Carballo ata comunicar coas beirarrúas existentes no lugar de Montecelo, no concello de Coristanco.

#### **SEGUNDA.- Obxectivo común das partes**

A Axencia Galega de Infraestruturas é titular da vía AC-552 e responsable da conservación e mantemento das calzadas, das sendas peonís que discorren en paralelo, así como dos demais elementos situados no seu dominio público.

O Concello de Carballo ten especial interese en que a senda peonil e ciclista da estrada AC-552 que discorre polo seu territorio se atope nas mellores condicións posibles, non só de mantemento senón incluso ornamentais, con zonas axardinadas alí onde sexa posible, dado que as ditas sendas, convertéronse nun atractivo turístico máis do municipio, sen menosprezar o uso saudable que delas fai a poboación do concello.

#### **TERCEIRA.- Actuacións que asumen as partes**

O Concello de Carballo solicitará ao Servizo da Axencia Galega de Infraestruturas na Coruña unha autorización para poder acceder ao dominio público da Administración autonómica e realizar os traballos de mantemento nos treitos da senda peonil da AC- 552, así como no resto de elementos das ditas vías definidos no obxecto deste protocolo.

A Axencia Galega de Infraestruturas, a través do servizo provincial, emitirá esa autorización de acceso, no seu caso, para posibilitar os traballos de mantemento no dominio público viario da Administración autonómica por parte do concello de Carballo e na se recollan as condicións en que deben desenvolverse eses traballos mentres se manteña vixente o presente protocolo.

#### **CUARTA.- Comisión de seguimento**

As partes constituirán un grupo de traballo que estará integrado por un representante da Axencia Galega de Infraestruturas e outro polo concello de Carballo e se encargará de realizar un seguimento do desenvolvemento do establecido neste protocolo mediante o intercambio de información.

Poderán asistir, como asesores, os técnicos que xulgue conveniente cada unha das partes. En calquera caso, estes asesores participarán con voz pero sen voto.

#### **QUINTA.- Natureza do protocolo**

O presente protocolo debe entenderse, non como unha fonte de obrigas xurídicas ou económicas para as partes, senón como unha declaración programática. Os asinantes, baseándose no previsto neste protocolo, realizarán as xestións pertinentes para acadar o seu obxectivo que é o correcto mantemento da senda peonil e, no seu caso, formalizar os instrumentos xurídicos pertinentes ou outras fórmulas de colaboración interadministrativas que o desenvolvan.

#### **SEXTA.- Vixencia**

Este Protocolo de Colaboración entrará en vigor o día da súa sinatura e manterá a súa vixencia con carácter indefinido.

Calquera das partes comunicará a outra cunha antelación razoable a súa vontade de desvincularse do protocolo que voluntariamente asume.»

### **4.- Modificación Puntual do PXOM de delimitación de núcleo rural nº 2, no lugar do Monte. Aprobación provisional. (CIPUM de 24/05/2022).**

Dáse conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Planificación Urbana e Mobilidade do 24/05/2022, punto 3 da orde do día, e da proposta da Concelleira delegada de Planificación,



Estratexia Urbana e Contratación do 16/05/2022 contida no expediente 2020/U032/000002.

**«ASUNTO:** Modificación puntual do PXOM. Delimitación do núcleo rural nº 2 do Monte. Aprobación Provisional.  
**EXPTE.** 2020/U032/000002  
**PROMOTOR:** Concello de Carballo  
**REX. ENTRADA:** 202299900001755 de 29/04/2022  
**REDACTORES:** Beatriz Aneiros Filgueira (Arq. Col. 2137 COAG) e Álvaro Fernández Carballada (Arq. Col. 1047 COAG) como integrantes da sociedade "FERNÁNDEZ CARBALLADA Y ASOCIADOS, S.L.P."

O Concello de Carballo está promovendo a modificación puntual do PXOM coa finalidade de alterar a delimitación do núcleo rural de O Monte establecida actualmente.

Logo de someter o documento aprobado inicialmente por acordo plenario de 27/09/2021 ao trámite de información pública e informes sectoriais, e emendados ou corrixidos diversos aspectos, o documento para someter a aprobación provisional foi presentado polo equipo redactor con data 29/04/2022 (RE 202299900001755).

O documento presentado foi obxecto do informe dos servizos técnicos municipais asinado polo arquitecto xefe do área de urbanismo e o técnico xurídico, con data 16/05/2022, emitido en senso favorable en relación coa aprobación provisional do documento.

Do informe municipal resultan o seguintes antecedentes e fundamentos:

#### **I.- ANTECEDENTES E TRÁMITES REALIZADOS.**

- Solicitud de inicio da A.A.E. simplificada de data 30/11/2020, acompañada de borrador da proposta e documento ambiental estratéxico (DAE).
- Resolución pola que se formula o Informe ambiental estratéxico (I.A.E.) emitido pola Directora Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático o 02/03/2021 (expte. 2020AAE2509).
- Publicación do I.A.E. no DOG núm. 51 de 16/03/2021.
- Presentación do documento da MP para aprobación inicial o 04/08/2021 (RE 202199900003988).
- Presentación de documento subsanado da MP o 13/09/2021 (RE 20219990004440) que substitúe o de 04/08/2021.
- Aprobación inicial polo Pleno Municipal o 27/09/2021.
  - Publicacións:
    - Páxina web: 11/10/2021.
    - Diario El Ideal Gallego: 13/10/2021.
    - Diario La Voz de Galicia: 13/10/2021.
    - D.O.G. núm. 226: 24/11/2021.
  - Notificacións individuais aos titulares catastrais coñecidos. Última comunicación notificada e recibida: 18/10/2021.
  - Publicación da relación de titulares descoñecidos no BOE de 26/10/2021.
  - Certificado de exposición pública de 16/02/2022 no que consta que non se presentaron alegacións.
  - Informes sectoriais:
    - Administración do estado:
      - Mº de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana: 21/10/2021.
      - Dirección General de Telecomunicaciones: 02/11/2021.
      - Mº de Defensa: 05/11/2021
      - Delegación del Gobierno en Galicia: 13/01/2022.
      - Dirección General de Política Energética y Minas de 28/01/2022.
    - Comunidade Autónoma:
      - Xefatura Territorial da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación - Sección de Minas: 25/10/2021.
      - Dirección Xeral de Emerxencias: 28/10/2021.
      - DXCAASCC - Informe sobre solos contaminados: 15/11/2021.
      - Dirección Xeral de Patrimonio Cultural: 13/01/2022.
      - Augas de Galicia - Requirimento de documentación adicional: 13/12/2021.
      - Augas de Galicia - Informe favorable: 15/02/2022.
      - Instituto de estudos do territorio (IET) - Informe desfavorable: 19/01/2022.
      - IET - Informe favorable: 18/04/2022
- Presentación do documento da MP para aprobación provisional o 29/04/2022 (RE 202299900001755).

## **II.- NORMATIVA APLICABLE.**

- Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local (LBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG).
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (RLSG).
- Orde 10 de outubro de 2019 de aprobación das normas técnicas de planeamento urbanístico de Galicia (NNTTPP).
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia (PBA).
- Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) do Concello de Carballo aprobado por Orde do 4 de febreiro de 2016 da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (DOG, núm. 39, do 26 de febreiro de 2016 e BOP, núm. 38, do 26 de febreiro de 2016).
- Lexislación sectorial: Tendo en conta as afeccións que conflúen no ámbito da MP haberá que ter en conta a lexislación sectorial en materia patrimonio cultural, liñas eléctricas, augas e concesións mineiras.

## **III.- OBXECTIVO. ÁMBITO DE APLICACIÓN.**

O obxectivo da presente modificación puntual do PXOM consiste na alteración da delimitación do núcleo rural de O Monte, establecida no PXOM vixente, mediante a incorporación de dezanove parcelas situadas ao sur e sueste do límite actual, excluindo totalmente unha parcela e parcialmente outra e regularizando os límites nunha terceira. Segundo consta na memoria do documento presentado a finalidade da modificación é mellorar as condicións urbanísticas do núcleo e, con iso, as condicións de vida dos seus residentes.

## **IV.- DOCUMENTACIÓN.**

A documentación presentada para aprobación provisional coincide en liñas xerais coa aprobada inicialmente que xa foi analizada polo miúdo no informe técnico e xurídico emitido con carácter previo a esta aprobación. Reiterando o que se indicaba nese informe anterior, considérase que o presente documento cumpre cos requisitos mínimos que se dispoñen no artigo 190 do RLSG.

Os únicos cambios que se producen no presente documento respecto do que foi aprobado inicialmente polo Pleno Municipal na sesión celebrada o 27 de setembro de 2021 son os motivados polo contido dos puntos sétimo e oitavo do acordo plenario e polas observacións dos informes sectoriais emitidos polos organismos Augas de Galicia e Instituto de Estudos do Territorio (IET), que se analizarán no apartado seguinte.

O punto sétimo do acordo plenario de aprobación inicial refírese a que os planos de ordenación débense completar coas redes de servizos propostos na zona ampliada, e coas clases de solo dos terreos lindeiros coa nova delimitación do núcleo rural. A este respecto compre sinalar que esta información inclúense no plano AMAPDNR\_01F\_02ORD "ORDENACIÓN PROPOSTA".

No punto oitavo do indicado acordo plenario faise referencia á corrección de diversos aspectos documentais para adaptar o documento ao disposto nas NNTTPP que tamén foron subsanados.

## **V.- CUMPRIMENTO DAS OBSERVACIÓNS DOS INFORMES SECTORIAIS.**

### **V.1. ADMINISTRACIÓN DO ESTADO.**

<b>INFORME</b>	<b>DATA</b>	<b>OBSERVACIÓNS</b>	<b>INCORPORACIÓN NO DOCUMENTO</b>
<i>Mº DE TRANSPORTES, MOVILIDAD Y AGENDA URBANA</i>	21/10/21	A MP non presenta afeccións sobre as infraestruturas xestionadas por este Mº.	O contido destes informes non implica cambios no documento para aprobación provisional da MP.
<i>DIRECCIÓN GENERAL TELECOMUNICACIONES</i>	02/11/21	Informe favorable.	
<i>Mº DE DEFENSA</i>	05/11/21	Informe favorable	
<i>DELEGACIÓN DO GOBERNO EN GALICIA</i>	13/01/22	Feitas as consultas correspondentes non se formulan observacións.	
<i>DIRECCIÓN XERAL DE POLÍTICA ENERXÉTICA E MINAS (DGPEM)</i>	28/01/22	Faise un extenso relatorio con referencias normativas e transcripción de disposicións legais da normativa sectorial enerxética sen conclusións nin observacións concretas sobre o documento.	

### **V.2. COMUNIDADE AUTÓNOMA.**

<i>SECC. DE MINAS DA XEFAT. TERRITORIAL DA CORUÑA DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA EMPRESA E INNOVACIÓN</i>	25/10/21	- As actuacións contempladas na MP non se encadran nas actividades prohibidas do anexo I do D 116/2001, do 10 de maio . - Na actualidade non hai planificación sectorial ou protección no ámbito mineiros que poida interferir na modificación.	Estes catro informes non implican ningún cambio na documentación da MP.
<i>DIRECCIÓN XERAL DE EMERXENCIAS</i>	28/10/21	Informa favorablemente e non é necesario someter a MP ao informe da Comisión Galega de Protección Civil.	
<i>DXCAASCC - SOLOS CONTAMINADOS</i>	15/11/21	- No concello de Carballo non existe ningún solo declarado como contaminado. - Non existe información inventariada no Rexistro da Calidade dos Solos de Galicia sobre afeccións á calidade dos solos no ámbito da MP.	
<i>DXPC</i>	13/01/22	Informe favorable	Documentación enviada a Augas de Galicia o 14-01-2022 - <b>Addenda nº 01</b> de 13/01/2022:  - Apartado 2.4. da memoria xustificativa referente aos servizos propostos describindo os sistemas de abastecemento e saneamento.
<i>AUGAS DE GALICIA</i>	13/12/21	<b>Requirimento de docum. adicional:</b> -Aportar documentación relativa ao sistema de abastecemento indicando o caudal preciso para atender ás necesidades da actuación proposta tendo en conta as dotacións do PHGC e o título concesional que ampara o dito caudal.	
	15/02/22	Informe favorable	
<i>IET</i>	19/01/22	<b>Informe desfavorable:</b> - Debe realizarse un estudo de paisaxe, proporcionado á entidade e alcance do expte. e específico para o lugar, consonte o artº 35 do Reg. da Lei 7/2008. - Completar a memoria xustificativa do cumprimento das Directrices da Paisaxe, na que se acredite que a nova delimitación non contravén os epígrafes a), b) e c) da directriz DX.09(N).	Documentación enviada ao IET o 10/02/2022 - <b>Addenda nº 02</b> de data 09/02/2022:  - Incorporación na memoria informativa do apartado 4.3. "Estudo da paisaxe". - Inclusión na memoria xustificativa dun punto 2.5. referente á Xustificación do cumprimento das Directrices da Paisaxe de Galicia.
	19/04/22	Informe favorable.	

En base ao indicado no cadro precedente pódese concluír que o documento presentado para aprobación provisional incorpora as observacións e correccións dos informes sectoriais emitidos.

## VI.- CUMPRIMENTO DO DISPOSTO NAS NORMAS TÉCNICAS DE PLANEAMENTO URBANÍSTICO DE GALICIA (NNTTPP).

Unha vez realizadas as correccións que se indican no punto oitavo do acordo de aprobación inicial entendemos que a documentación gráfica e escrita axústase ao disposto nas NNTTPP.

Esta modificación puntual delimitadora do núcleo rural componse da seguinte documentación que consta relacionada no índice, coa nomenclatura establecida polas NNTTPP:

### 0.ÍNDICE DO DOCUMENTO (00.INDEX).

- 15019\_DNR02\_O\_MONTE\_202204\_AP\_00INDEX: Índice.

### 1. MEMORIA XUSTIFICATIVA (01.MX).

- 15019\_DNR02\_O\_MONTE\_202204\_AP\_MX\_01INF: Parte I. Memoria Informativa.

- 15019\_DNR02\_O\_MONTE\_202204\_AP\_MX\_01INF\_ANX1\_NR-PXOM: Anexo 1. Ficha núcleo rural PXOM.

- 15019\_DNR02\_O\_MONTE\_202204\_AP\_MX\_01INF\_ANX2\_CONSULTAS: Anexo 2. Consultas recibidas no procedemento de AAE simplificada.

- 15019\_DNR02\_O\_MONTE\_202204\_AP\_MX\_02XUS: Parte II. Memoria Xustificativa.
- 2. ANÁLISE DO MODELO DE ASENTAMENTO POBOACIONAL (02.AMAPDNR).**
- 15019\_DNR02\_O\_MONTE\_202204\_AP\_AMAPDNR\_00IND: Índice.
- 15019\_DNR02\_O\_MONTE\_202204\_AP\_AMAPDNR\_01F: Ficha.
- 15019\_DNR02\_O\_MONTE\_202204\_AP\_AMAPDNR\_02PINF: Planos de información.
- 15019\_DNR02\_O\_MONTE\_202204\_AP\_AMAPDNR\_03PORD: Planos de ordenación.
- 15019\_DNR02\_O\_MONTE\_202204\_AP\_AMAPDNR\_04OF: Fotografía aérea.
- 3. NORMATIVA URBANÍSTICA (NU\_NP).**
- 15019\_DNR02\_O\_MONTE\_202204\_AP\_NU: Non se adxunta; mantense o PXOM en vigor.
- 4. DOCUMENTACIÓN DO PROCEDIMENTO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA (04.AAE).**
- 15009\_DNR02\_O\_MONTE\_202011\_B\_AAE\_01DAE: Documento Ambiental Estratéxico.
- 15019\_DNR02\_O\_MONTE\_202011\_B\_AAE\_02DAE\_ALT0: Alternativa 0.
- 15019\_DNR02\_O\_MONTE\_202011\_B\_AAE\_03DAE\_ALT1: Alternativa 1.
- 15019\_DNR02\_O\_MONTE\_202011\_B\_AAE\_02DAE\_ALT2: Alternativa 2.
- 15019\_DNR02\_O\_MONTE\_202107\_B\_AAE\_05IAE: Informe Ambiental Estratéxico.

## **VII. TRAMITACIÓN:**

De acordo co disposto no artigo 189 do RLSG.

*"Nos municipios con plan xeral aprobado, as modificacións do mesmo que teñan por obxecto a delimitación de solo de núcleo rural tramítanse co contido e seguindo o procedemento establecidos nos artigos seguintes."*

Segundo o artigo 191 do RLSG a tramitación do expediente a partires deste momento axustarase ao procedemento que se indica a continuación:

- *O expediente será aprobado provisionalmente polo órgano municipal competente para a aprobación do plan xeral (artigo 78.2. b) da LSG).*
- *O concello remitirá o expediente ao órgano competente en materia de urbanismo para que resolva sobre a súa aprobación definitiva no prazo de tres meses, contado desde a recepción do expediente completo no rexistro da consellería. Transcorrido este prazo sen resolución expresa, entenderase aprobado por silencio administrativo (artigo 78.2. c) da LSG).*

Completada a documentación e seguida a tramitación administrativa procedente, de conformidade co previsto nos artigos 189, 190 e 191 do RLSG, e preceptos concordantes, corresponde ao órgano municipal competente adoptar o acordo sobre a aprobación provisional desta modificación puntual referida á delimitación do núcleo rural de O Monte.

## **VIII.- ORGANO COMPETENTE.**

O órgano competente para adoptar o acordo sobre a aprobación provisional desta modificación puntual do núcleo rural de O Monte, é o pleno do concello en virtude do disposto no artigo 22.2.c da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

A aprobación definitiva corresponderá á persoa titular da consellería competente en materia de urbanismo conforme ao previsto no artigo 61.1. da LSG. [...]»

O Sr. Bello Pallas, concelleiro do grupo municipal TEGA, reitera que é o mesmo problema existente e que coñece o Alcalde. A ex-cidade deportiva da pena, nin tan sequera no campo de fútbol se pasa a desbrozadora, e o pavillón non ten cuberta. Recoñecen a situación real, existen unhas vivendas que hai que buscarlles solución. Aprobouse o plan no ano dezaséis e poucas xestións se fixeron, hai que buscar unha solución a este e outros ámbitos na mesma situación. Páganse impostos e entendemos que hai que darlle vida os servizos, que se faga un censo da realidade para resolver os problemas de todos os cidadáns que pagan impostos, hai que velo porque está nunha situación lamentable. Trate o ámbito, sr. Alcalde, como lle corresponde. Manifesta que o seu voto será a favor.

A Sra. Vila Blanco, concelleira do grupo municipal do PSdG-PSOE manifesta que votarán a favor porque os informes técnicos son favorables, e o Plan Xeral é un documento vivo que require de modificacións.

O Sr. Lorenzo Gómez, concelleiro do grupo municipal do PP, manifesta que modifican o sentido do voto a favor.

Sometido o asunto a votación, por unanimidade dos seus membros (21), o Pleno Municipal acorda :

**Primeiro.-** Aprobar provisionalmente a modificación puntual do PXOM referente á Delimitación do núcleo rural nº 2 de O Monte, segundo a documentación técnica elaborada polos arquitectos Beatriz Aneiros Filgueira (Arq. Col. 2137 COAG) e Alvaro Fernández Carballada (Arq. Col. 1047 COAG).

**Segundo.-** Remitir o expediente á Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo (DXOTU) a través do Servizo de Urbanismo da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente Territorio e Vivenda, para que resolva sobre a súa aprobación definitiva.

**5.- Regulamento municipal dos servizos bibliotecarios do concello de Carballo. Aprobación inicial. (CIBPS de 24/05/2022).**

Dáse conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Benestar e Participación Social do 24/05/2022, punto 2 da orde do día relativo á proposta do concelleiro delegado de Deporte e Cultura do 13/05/2022, contida no expediente 2022/G013/000002.

O Sr. Eirís Barca, concelleiro do grupo municipal TEGA, mantén o sentido do voto, que é a abstención. Sorprende que o horario das bibliotecas se estableza polos servizos municipais xa que hai un contrato, o SER 22/2019 que regula o horario, e éste non aparece no Regulamento, o igual que falta o aforo máximo.

A Sra. Vila Blanco, concelleira do grupo municipal PSdG-PSOE, manifesta que votarán a favor, e considera que TEGA ten razón, que é pouco ambicioso, pero o considera un punto de partida.

O Sr. Lorenzo Gómez, concelleiro do grupo municipal do PP, mantén o sentido do voto que é a abstención, trátase dunha decisión política e non queren entorpecer a actividade do grupo de goberno.

O sr. Trigo Facal, concelleiro delegado da Área de Deporte e Cultura, manifesta que a biblioteca pública é un servizo obrigatorio, de uso público xeral, para os concellos con máis de 5.000 habitantes que ten como finalidade ofrecer a toda a cidadanía de xeito gratuíto o acceso permanente a un conxunto organizado de fondos bibliográficos e recursos informativos. Co obxectivo de mellorar as condicións dese acceso e o servizo que se presta nas bibliotecas, elaborouse o presente documento. O contido do mesmo é froito do traballo e a aportación dos empregados municipais do servizo de bibliotecas.

Desde hai uns anos as bibliotecas municipais funcionan coordinadamente como unha Rede Municipal de Bibliotecas, integradas ámbalas dúas na Rede de Bibliotecas de Galicia. Unhas bibliotecas que reciben anualmente máis de 40.000 visitas e que desde o ano 2014 aumentaron as horas de atención ao público pasando das 40,5 semanais previas á apertura da Biblioteca Rego da Balsa a 78,5 trala súa apertura, pero non conformes con isto desde ese momento fomos implantando o horario ininterrompido e aumentando ata nun 40% o horario das mesmas ata as actuais 108 horas semanais. Tamén aumentaron os usuarios das mesma que se duplicaron neste período pasado de pouco máis de 4.000 ata superar os 8.000. Actualmente o número de actividades de fomento do

libro e a lectura ronda as 80 actividades anuais, recuperando as cifras previas á pandemia sendo recoñecida a Biblioteca Rego da Balsa ata en tres ocasións no premio de animación á lectura María Moliner que convoca o Ministerio de Cultura.

O servizo de bibliotecas valorou a necesidade de dotarse dun regulamento adaptado aos novos servizos, actividades e dinámicas que se foron implantando nas bibliotecas municipais nos últimos anos.

Neste documento recóllense as funcións da rede municipal de bibliotecas, as condicións xerais dos servizos, as normas de funcionamento, a tipoloxía de servizos que se prestan e as súas características e outra serie de cuestións importantes para a xestión das bibliotecas (altas, doazóns, expurgos...).

O documento foi remitido aos grupos municipais hai máis de dous meses e estivo en exposición pública na web municipal dende o 23 de marzo ata o 14 de abril, sen que se presentase alegacións ao mesmo.

O Sr. Eirís Barca, concelleiro do grupo municipal TEGA, di que é un Regulamento que vale para calquera biblioteca, que é un Regulamento “marco”.

O Sr. Trigo Facal, concelleiro delegado da Área de Deporte e Cultura, responde que é moito dicir, e que o sr. Eirís Barca non o liu ben, non é un cortapega, outra cuestión é que o sr. Eirís Barca quixera outra cousa.

O Sr. Eirís Barca, concelleiro do grupo municipal TEGA, sinala que él non sabe cales son os horarios do servizo de bibliotecas municipais.

Sometido o asunto a votación, con quince (15) votos a favor, dos concelleiros pertencentes ós grupos municipais do BNG (12) e PSdG-PSOE (3), e seis (6) abstencións dos concelleiros pertencentes ó grupo municipal Terra Galega (2) e PP (4), o Pleno da Corporación Municipal acorda:

**Primeiro.-** Aprobar inicialmente o regulamento dos servizos bibliotecarios do concello de Carballo, cuxo texto íntegro se inserta ó final deste acordo, e que consta dos seguintes capítulos:

- A) CONDICIÓN XERAIS DOS SERVIZOS
- B) NORMAS DE USO E FUNCIONAMENTO
- C) TIPOLOXÍA DOS SERVIZOS DA BIBLIOTECA
- I. CONSULTA, INFORMACIÓN BIBLIOGRÁFICA E HEMEROTECA
- II. PRÉSTAMO
- III. ACCESO A INTERNET E USO DOS DISPOSITIVOS ELECTRÓNICOS
- IV. REPROGRAFÍA
- V. OUTROS SERVIZOS
- D) DOAZÓN, BAIXAS E EXPURGOS
- E) INFRACCIÓN E SANCIÓN
- F) RECLAMACIÓN E SUXESTIÓN

DISPOSICIÓN FINAIS

**Segundo.-** Someter o regulamento a exposición pública por un prazo de 30 días, contados a partires do día seguinte ao da publicación do anuncio de aprobación inicial no Boletín Oficial da Provincia. De non se presentaren alegacións durante este prazo, o regulamento dos servizos bibliotecarios entenderase aprobado definitivamente sen necesidade de novo acordo plenario, e entrará en vigor ao día seguinte ao da publicación do anuncio de aprobación definitiva no B.O.P.

## **Anexo.- «REGULAMENTO DOS SERVIZOS BIBLIOTECARIOS DO CONCELLO DE CARBALLO**

### **a. CONDICIÓNS XERAIS DOS SERVIZOS**

1. Utilizar as bibliotecas municipais leva consigo aceptar a presente normativa de uso dos seus espazos e servizos.
2. As bibliotecas son un servizo público municipal aberto a toda a cidadanía, nos días e horarios establecidos. Todos os servizos da biblioteca son gratuítos agás o servizo de reprografía (segundo ordenanza fiscal vixente) e o préstamo interbibliotecario (suxeito ás condicións da Rede de Bibliotecas de Galicia). Os servizos da biblioteca poderán usarse de forma individual ou colectiva (entidades sen ánimo de lucro).
3. A Rede Municipal de Bibliotecas é de titularidade municipal, polo tanto a súa xestión pertence ao Concello de Carballo, na medida e forma establecida pola lexislación vixente. Está formada polas seguintes instalacións:
  1. Biblioteca Municipal de Carballo (R/ San Xoán Bautista s/n)
  2. Biblioteca Municipal Rego da Balsa (R/ Bos Aires s/n)As bibliotecas municipais están integradas na Rede de Bibliotecas de Galicia, rexéndose polas condicións de pertenza á mesma, segundo o establecido na lei 5/2012 del 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia.
4. As funcións da Rede Municipal de Bibliotecas son as seguintes:
  1. Reunir, organizar e poñer a disposición da comunidade un conxunto equilibrado de fondos bibliográficos, electrónicos e audiovisuais que contribúan á formación cultural e á atención das necesidades de información da veciñanza.
  2. Conservar e enriquecer o patrimonio bibliográfico.
  3. Constituírse como centro de documentación e información local.
  4. Fomentar a cooperación entre as bibliotecas da Rede Municipal mediante o intercambio de información, a coordinación de adquisicións e os préstamos.
  5. Desenvolver actividades de creación ou difusión cultural e de fomento do libro e a lectura para toda a cidadanía.
  6. Prestar un apoio activo específico á cultura e á lingua propias de Galicia.
  7. Atender ás necesidades das diferentes persoas e colectivos que integran a comunidade co fin de respectar os seus dereitos fundamentais.
5. Os fondos da Rede Municipal de Bibliotecas constitúense con:
  - As coleccións e fondos adquiridos polas bibliotecas con orzamento municipal.
  - As dotacións e envíos doutras administracións.
  - As doazóns e aportacións doutras entidades, organismos, institucións e persoas físicas.
  - Con carácter excepcional, a biblioteca pode admitir en depósito fondos de titularidade doutras entidades por consideralos de interese para o servizo, previo acordo entre o Concello de Carballo e ditas entidades.
  - Os documentos pertencentes ao fondo da biblioteca dos que non conste a existencia de, polo menos, tres exemplares en bibliotecas ou servizos públicos, os que teñan máis de 100 anos de antigüidade, incluíndo os manuscritos, así como os que sexan declarados Ben de Interese Cultural estarán suxeitos á especial protección que especifica a Lei 16/1985 do patrimonio histórico español e a Lei 5/2016 do patrimonio cultural de Galicia.Por razóns de seguridade e conservación debidamente motivadas, a Rede Municipal de Bibliotecas poderá limitar o acceso a unha parte dos fondos.
6. O horario será o que estableza o servizo municipal de bibliotecas en cada momento. Os servizos de préstamo, acceso a internet e utilización de dispositivos electrónicos pecharán 10 minutos antes do horario oficial de peche.

### **b. NORMAS DE USO E FUNCIONAMENTO**

- a. O acceso ás dependencias públicas da biblioteca será libre e gratuítos e non requirirá acreditación de identidade, agás para o uso de determinados servizos.
- b. Non se permite permanecer nas salas con finalidade distinta á fixada para cada espazo.
- c. Non se poden reservar postos de lectura en sala nin equipos informáticos sen facer uso deles. Os obxectos que permanezan sen usuario/a nun posto de lectura máis de 15 minutos poderán ser retirados polo persoal da biblioteca se existise demanda de ocupación.
- d. A biblioteca non se responsabiliza do coidado e vixilancia de menores de idade que será cometido de pais, nais, tutores/as legais ou persoas que exerzan a súa garda e coidado. Poderá solicitarse a autorización de pais, nais ou tutores/as legais para os servizos ou actividades que así o requiran.
- e. Permítese a lactancia materna na biblioteca.

Exp. 2022/G010/000005

- f. A biblioteca, en xeral, e as actividades que nela se organicen poden ter un aforo limitado. O persoal da biblioteca pode limitar a entrada no caso de que se supere a devandita capacidade.
  - g. Non está permitido facer fotografías nin filmacións na biblioteca sen a autorización (previa e por escrito) do concello.
  - h. Os teléfonos móbiles e dispositivos electrónicos deberán permanecer silenciados. As chamadas atenderanse fóra da biblioteca.
  - i. Está permitido o uso de ordenadores portátiles persoais e outros dispositivos multimedia na biblioteca, para o cal se habilitan diversos puntos e conexións con alimentación eléctrica.
  - j. A biblioteca non se responsabiliza dos obxectos persoais das persoas usuarias. Os obxectos atopados na biblioteca consérvanse un máximo de 90 días como obxectos perdidos. Despois deste prazo a biblioteca despréndese deles e derivaos aos servizos municipais correspondentes (policía local). Os armarios están pensadas para deixar obxectos persoais durante a estancia nas instalacións e serán baleirados diariamente.
  - k. Non se permite a entrada de animais domésticos, salvo ás persoas con deficiencia visual usuarias de can.
  - l. Os vehículos recreativos non motorizados como patíns, monopatíns, patinetes e/ou bicicletas deberán gardarse nas zonas habilitadas para os mesmos. En ningún caso se poderá circular con eles polo interior do edificio. A biblioteca non se fai responsable da súa custodia nin de posibles danos que poidan sufrir.
  - m. Non se permite comer ou beber na biblioteca. Exclúese desta norma o consumo de auga debidamente envasada e de maneira que non supoña un perigo para a integridade dos materiais. A biblioteca poderá habilitar zonas para este fin.
  - n. O persoal da biblioteca poderá:
    - a. Solicitar a identificación de usuarios/as para o acceso a determinados servizos e, para aqueles que sexa preciso, deixar o carné da biblioteca en depósito.
    - b. Suspende o servizo de préstamo a aquelas persoas usuarias que infrinxiran as normas de funcionamento do mesmo, non presenten o carné ou obstaculicen a súa correcta identificación negando a cesión de datos necesarios establecidos como tales pola Rede de Bibliotecas de Galicia.
    - c. Impedir a entrada de persoas que atenten contra a convivencia pacífica no seu interior, así como as que se atopen baixo a influencia de bebidas alcohólicas ou drogas, ou se comporten de forma indebida, agresiva e/ou intimidatoria. En calquera caso, o persoal da biblioteca pode solicitar a intervención das forzas de orde pública.
    - d. Adoptar a medida provisional de expulsión das instalacións a quen de maneira inequívoca impida coa súa conduta o normal desenvolvemento da actividade propia da biblioteca.
      - o. Deberán tratarse con coidado os materiais e documentos utilizados na biblioteca, así como os emprastados:
        - a. Non poderán dobrarse as cubertas nin as páxinas dos libros, e tampouco se poderá recortar, subliñar ou escribir sobre ningún documento.
        - b. Unha vez finalizada a consulta, os documentos deberán ser devoltos ao seu lugar de orixe. De non atopar o lugar axeitado, entregaranse ao persoal da biblioteca.
        - c. As copias (totais ou parciais) que se fagan dun documento deberán cumprir coa normativa vixente de propiedade intelectual.
        - d. Os soportes dixitais (CD, DVD, Blu-Ray, etc.) e os audiolibros manexaranse con coidado evitando golpes e rabuños. O soporte deberá estar gardado correctamente na caixa ou pestana correspondente.
      - p. Non se permite:
        - a. A entrada ás zonas pechadas ao público en xeral.
        - b. A introdución de obxectos voluminosos que interfiran na circulación nin a modificación da disposición do mobiliario da biblioteca.
        - c. Danar os equipamentos, infraestruturas, instalacións ou elementos do servizo da biblioteca, sexan mobles ou inmoables.
        - d. Destruír ou danar calquera dos materiais da biblioteca: libros, revistas, xornais, audiovisuais, etc., así como a perda ou deterioro dos recursos emprastados.
- c. **TIPOLOXÍA DOS SERVIZOS DA BIBLIOTECA**

A Rede de Bibliotecas do Concello de Carballo ofrece os seguintes servizos bibliotecarios:

  1. Consulta, información bibliográfica e hemeroteca
  2. Préstamo
  3. Acceso a internet e uso dos dispositivos electrónicos
  4. Reprografía



5. Outros servizos

• **CONSULTA, INFORMACIÓN BIBLIOGRÁFICA E HEMEROTECA**

- .1. Os postos de lectura, como norma xeral, resérvanse para consulta, lectura e utilización do fondo bibliográfico das bibliotecas.
- .2. As persoas usuarias poderán obter información bibliográfica, de referencia ou de interese local, tanto ao persoal da biblioteca coma nos puntos informativos habilitados.
- .3. A biblioteca desenvolverá ferramentas de información bibliográfica e referencia para todo tipo de usuarios/as.
- .4. A biblioteca pon ao dispor das persoas usuarias información de actualidade en forma de xornais, revistas, diarios, semanarios, etc. Estes materiais non son para préstamo, agás naqueles casos que o servizo de bibliotecas o considere oportuno. A súa consulta é totalmente libre, sempre que se deixen no seu lugar unha vez rematada a lectura ou consulta. Só se poderá consultar un xornal do día ao mesmo tempo.

• **PRÉSTAMO**

- .1. Condicións xerais do servizo de préstamo:
  - a. O servizo de préstamo permite, unha vez realizado o carné de usuario/a, sacar temporalmente materiais fóra da biblioteca.
  - b. Son obxecto de préstamo todos os materiais que constitúen a colección da biblioteca, coas excepcións de xornais, revistas e obras de referencia ou de características especiais que se considere oportuno. A biblioteca non se responsabiliza dos posibles danos que os materiais empréstados poidan ocasionar nos aparatos reprodutores.
  - c. Os préstamos poderán ser renovados só unha vez, sempre e cando non estivesen reservados e non expire o prazo de devolución. As renovacións poderán solicitarse por teléfono, a través da conta de usuario/a do catálogo da Rede de Bibliotecas de Galicia, do correo electrónico da biblioteca ou calquera outro servizo dispoñible (mensaxaría instantánea, RRSS, etc.).
  - d. Cada persoa usuaria pode ter empréstados ata un máximo de 10 documentos por biblioteca entre os que constan: 5 libros, 2 DVD, 2 CD de música e 1 arquivo de ordenador. Este préstamo poderá chegar ata un máximo de 20 materiais entre todas as bibliotecas da Rede.
  - e. O prazo de préstamo é de 21 días para libros e 7 para audiovisuais. Pódese renovar unha vez pola mesma cantidade de tempo, sempre e cando non existise reserva previa deses materiais. Excepcionalmente a biblioteca poderá establecer prazos de préstamos especiais diferentes aos fixados.
  - f. O número de préstamos con carné colectivo a entidades é de 60 por biblioteca e de 120 en toda a rede.
  - g. No caso das entidades, o período de préstamo é de 21 días para todos os materiais. Poderá renovarse dúas veces pola mesma cantidade de tempo, salvo que exista reserva previa. Excepcionalmente a biblioteca poderá establecer prazos de préstamos especiais diferentes aos fixados.
- .2. Aspectos referidos á devolución:
  - a. As persoas usuarias deberán devolver os préstamos no prazo establecido. As devolucións faranse no mostrador de préstamo durante o horario de apertura das bibliotecas e nos lugares habilitados para tal fin cando se atopen pechadas.
  - b. Cando os documentos pendentes non sexan devoltos no prazo establecido aplicarase unha sanción consistente no bloqueo do carné para o uso dos servizos bibliotecarios por un prazo equivalente ao número de días de atraso por documento.
  - c. O carné será activado automaticamente ao devolver os documentos e unha vez cumprida a sanción posterior.
  - d. O prazo máximo de penalización será de 90 días transcorridos os cales se procederá á reclamación patrimonial dos materiais non devoltos.
- .3. As persoas usuarias poderán realizar reservas de materiais non dispoñibles nese momento tendo en conta as seguintes condicións:
  1. As reservas poderán realizarse por teléfono, por correo electrónico dirixido á biblioteca, de forma presencial na mesma ou a través da conta de usuario/a do catálogo da Rede de Bibliotecas de Galicia.
  2. En canto a biblioteca notifique á persoa usuaria que os documentos reservados están dispoñibles, esta terá para recollelos un prazo máximo de 3 días desde que reciba o aviso, transcorrido o cal a reserva quedará sen efecto.
- .4. O carné da biblioteca é a tarxeta única da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia:
  - a) O carné é persoal e intransferible e obtense gratuitamente, sendo necesario para o uso de certos servizos da biblioteca. Existe a posibilidade de autorizar a súa utilización a outras persoas, para o cal é preciso

- solicitalo na biblioteca (quedan exentos pais, nais e titores legais de menores de 14 anos na utilización do carné destes).
- b) Para obter o carné é necesario achegar a seguinte documentación:
    - 1.1.b.1. Formulario de alta debidamente cuberto.
    - 1.1.b.2. Copia do DNI/NIE, pasaporte, carné de conducir ou permiso de residencia con indicación da dirección postal.
    - 1.1.b.3. Foto carné.
    - 1.1.b.4. Autorización do pai, nai ou titor/a legal para menores de 14 anos.
  - c) As persoas usuarias deberán comunicar á biblioteca os cambios que se realicen nos seus datos persoais, especialmente os de residencia, teléfono de contacto e correo electrónico, a través da conta de usuario/a do catálogo da Rede de Bibliotecas de Galicia, do correo electrónico da biblioteca ou de xeito presencial na mesma.
  - d) Os duplicados do carné da biblioteca serán gratuítos. No caso de perdas reiteradas aplicaranse as seguintes sancións: a partir da 2ª vez, cunha semana sen levar préstamos; á 3ª perda, con 2 semanas; a 4ª vez con 3 semanas e así sucesivamente. Non se computan para os casos de roubo do carné, que deberá acreditarse coa correspondente denuncia.
  - e) A presentación do carné é indispensable para facer uso do servizo de préstamo, aparatos audiovisuais e espazos multimedia, así como para calquera outro servizo que indique o servizo municipal de bibliotecas.
  - f) As entidades sen ánimo de lucro, que realicen actividades de fomento do libro e a lectura, poderán solicitar un carné colectivo expedido a nome da entidade, coa indicación da persoa responsable e das persoas autorizadas para o seu uso. Este servizo podería verse limitado pola dispoñibilidade dos recursos.
  - g) De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, o Responsable de Tratamento dos datos persoais é o Concello de Carballo, con dirección en Praza do Concello s/n, 15100 - Carballo (A Coruña); [lpd@carballo.gal](mailto:lpd@carballo.gal). Os datos serán utilizados para prestar o servizo solicitado e a xestión administrativa derivada da prestación do mesmo. Os datos non se cederán a terceiros, salvo por obriga legal podendo a persoa usuaria acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitando a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento e solicitar a portabilidade dos mesmos en calquera momento. O Concello de Carballo dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio deses dereitos. É posible consultar a información adicional e detallada sobre Protección de Datos previa solicitude.
- .5. O servizo de **préstamo en formato dixital**, a través da plataforma de préstamo de libros, revistas, audiolibros e películas en formato electrónico da rede de bibliotecas de Galicia, está dispoñible para persoas usuarias con carné dunha das bibliotecas. Para acceder ao servizo hai que dispoñer dunha conta de correo electrónico e dun dispositivo compatible (tableta, ordenador persoal, lector de libro electrónico, teléfono móbil, etc.).
  - .6. O servizo de **préstamo interbibliotecario**, con institucións da Rede de Bibliotecas de Galicia ou outras que non pertencen á mesma, está suxeito ás condicións correspondentes que establece a devandita rede.
- **SERVIZO DE ACCESO A INTERNET E USO DOS DISPOSITIVOS ELECTRÓNICOS**
    - .1. O servizo público de acceso a internet da biblioteca ofrécese a través de puntos de consulta compostos por ordenadores con conexión a internet e outros dispositivos para o uso en sala e conexión wifi.
    - .2. Para utilizar os dispositivos habilitados na biblioteca haberá que darse de alta como usuario/a con permiso de uso de préstamo de dispositivos electrónicos. No caso dos menores, serán os pais e nais e /ou titores/as os/as responsables de autorizar a alta.
    - .3. As persoas usuarias dispoñen dunha sesión de conexión, nos puntos de consulta e de uso de calquera dos equipos multimedia cun tempo máximo establecido.
    - .4. Non está permitido ceder a utilización dos dispositivos a terceiras persoas. Os dispositivos móbiles entregaranse ao persoal da biblioteca unha vez rematado o seu uso. A persoa usuaria pechará a súa sesión antes de abandonar os terminais e dispositivos, asumindo as consecuencias derivadas de non facelo.
    - .5. O servizo está pensado para a busca de información con fins culturais, de aprendizaxe, de consulta xeral e para actividades vinculadas ao lecer. A persoa usuaria é responsable da información á que accede a través da rede, absténdose de usar o servizo con fins ilícitos ou de consultar e/ou difundir contidos pornográficos explícitos ou que vulneren a dignidade humana facendo apoloxía de calquera tipo de violencia, racismo ou xenofobia.
    - .6. Non se permite deixar almacenados arquivos, descargar ou instalar software informático, levar a cabo accións que supoñan cambios, eliminacións ou modificacións na súa configuración ou realizar actividades que poidan causar a conxestión ou alteración de redes e sistemas.

Exp. 2022/G010/000005

- .7. O incumprimento destas normas pode supoñer o bloqueo do carné segundo o recollido no apartado de infraccións e sancións do presente regulamento. O bloqueo do carné no que ao servizo público de acceso a internet se refire leva consigo a suspensión temporal do servizo na biblioteca.
- **REPROGRAFÍA**
  - .1. O servizo de reprografía ofrécese para reproducir fondos da biblioteca co obxectivo de facilitar a investigación e a difusión cultural preservando a conservación da obra e salvagardando os dereitos da propiedade intelectual.
  - .2. O servizo municipal de bibliotecas poderá habilitar o servizo de reprografía para persoas usuarias das bibliotecas municipais, correndo os gastos ocasionados pola súa conta segundo o establecido pola ordenanza municipal correspondente.
  - .3. A utilización do servizo de reprografía someterase estritamente ao previsto na vixente Lei de Propiedade Intelectual e normativa que a desenvolva. As persoas usuarias son as responsables do respecto á lexislación nesta materia.
  - .4. A biblioteca pode restrinxir a reprodución de determinados documentos en función do estado de conservación, a data de edición, o formato ou calquera outro suposto que o aconselle.
- **OUTROS SERVIZOS**
  - .1. O servizo de bibliotecas organizará actividades de fomento do libro e a lectura e culturais: obradoiros, presentacións literarias, contacontos, faladoiros, concertos, proxeccións, visitas guiadas, clubs de lectura, actividades de formación para usuarios/as, etc. En determinados casos pode requirir de inscrición previa por existir prazas limitadas.
  - .2. A biblioteca poderá pechar de xeito temporal algún espazo da mesma para a realización de eventos ou actividades como as recollidas no apartado anterior.
  - .3. As entidades sen ánimo de lucro ou persoas usuarias poderán solicitar a cesión de espazos para a realización de actividades. Unha vez concedidos os espazos non poderán cederse a terceiros.

#### **d. DOAZÓNS, BAIXAS E EXPURGOS**

##### **1. DOAZÓNS**

- a. O servizo de bibliotecas do Concello de Carballo poderá aceptar doazóns de documentos que se adecúen á súa política de mellora da colección, supoñan un beneficio para o fondo bibliográfico, teñan interese para as persoas usuarias e cumpran os seguintes requisitos:
  1. Obras en bo estado de conservación de carácter divulgativo e que non superen os cinco anos de antigüidade.
  2. Literatura actual e obras clásicas en bo estado de conservación e en edicións encadernadas preferentemente.
  3. Obras de ciencia que non superen os tres anos de antigüidade.
  4. Obras de humanidades que non superen cinco anos de antigüidade.
  5. Obras susceptibles de formar parte da colección local sexa cal sexa a súa data de edición.
  6. Audiovisuais en bo estado.
- b. Agás cando se trate de materiais de interese municipal ou histórico, o servizo de bibliotecas do Concello de Carballo poderá non aceptar as doazóns que reúnan as seguintes condicións:
  - 1.1. Documentos en mal estado de conservación (follas amarelas, raiados, sucios ou rotos).
  - 1.2. Documentos con contidos que poidan converterse en obsoletos con rapidez, tales como manuais de informática ou que perderan a súa vixencia informativa.
  - 1.3. Libros de texto ou escolares.
  - 1.4. Enciclopedias.
  - 1.5. Libros cun contido demasiado especializado para unha biblioteca pública e libros científicos ou técnicos editados hai máis de tres anos, a non se traten obras cumio de carácter universal ou temáticas específicas.
  - 1.6. Obras de máis dun volume, incompletas ou en mal estado de conservación.
  - 1.7. Diarios, revistas e outras publicacións en serie.
  - 1.8. Discos, cassetes ou cintas de vídeo.
- c. As persoas interesadas en facer doazóns de documentos con estas características poden dirixirse a calquera das bibliotecas da Rede Municipal. Se o ofrecemento supera os 10 exemplares hai que facilitar os datos de contacto do doante (nome e teléfono) e unha lista co/coa autor/a, o título, a editorial e o ano de publicación de cada obra. Os documentos deben ser depositados nalgunha das bibliotecas, non se recollen a domicilio.
- d. A biblioteca reservase o dereito de non aceptar as doazóns en función dos recursos existentes para xestionalos, ou en caso de non ter valor ou non ser aptos para a colección existente.

e. A doazón supón a cesión total do material e a renuncia a reclamacións.

## 2. BAIXAS E EXPURGOS

A Federación Internacional de Asociacións de Bibliotecarios e Bibliotecas (IFLA) e a UNESCO recomendan nas súas directrices que as bibliotecas públicas camiñen cara o crecemento cero dos seus fondos. Manter coleccións actualizadas e manexábeis dá maior fiabilidade á información por descartar contidos obsoletos e mellora o aspecto das salas de lectura, gañando en espazo e confort. O expurgo é un elemento imprescindible nas políticas de xestión e desenvolvemento das coleccións.

a. O persoal da Biblioteca poderá dar de baixa e/ou expurgar materiais seguindo os seguintes criterios: Daranse de baixa no catálogo aqueles fondos que se atopen moi deteriorados, desfasados, con falta de vixencia, actualidade, ou calquera outra circunstancia que o servizo considere oportuna.

Cando se teña constancia da perda dun fondo procederase a dalo de baixa no catálogo.

## e. INFRACCIÓNS E SANCIONES

As infraccións a este regulamento poden ser leves, graves e moi graves.

### 1. INFRACCIÓNS LEVES:

1.1. Os incumprimentos das normas de uso e funcionamento recollidas neste regulamento agás os que teñan a consideración de graves ou moi graves.

1.2. Os incumprimentos das condicións xerais do servizo de préstamo.

### 2. INFRACCIÓNS GRAVES:

2.1. Reincidir en condutas cualificadas como leves no prazo de dous anos.

2.2. Manter unha actitude de falta de respecto ao persoal da biblioteca, non atendendo ás indicacións dadas polo mesmo en canto a utilización do material ou comportamento.

2.3. Provocar perturbacións da convivencia que afecten ao funcionamento normal da biblioteca.

2.4. Deteriorar gravemente equipamentos, infraestruturas, instalacións ou elementos do servizo da biblioteca, sexan mobles ou inmóbles.

2.5. Causar danos irreparables en documentos valiosos.

2.6. Entrar no recinto con calquera tipo de vehículo de motor, excepto os aparellos que faciliten o desprazamento de persoas con mobilidade reducida.

2.7. Acceder con animais domésticos, coa excepción das persoas con deficiencia visual usuarias de can guía.

2.8. Usar o carné da biblioteca de maneira fraudulenta.

### 3. INFRACCIÓNS MOI GRAVES:

3.1. Reincidir en condutas cualificadas como graves no prazo de dous anos.

3.2. Provocar perturbacións relevantes da convivencia que afecten de maneira moi grave, inmediata e directa á tranquilidade ou ao exercicio de dereitos lexítimos das persoas usuarias, impedindo de forma relevante o funcionamento normal da biblioteca.

3.3. Apropriadose de calquera ben da biblioteca, como material, aparellos, libros, publicacións, audiovisuais, etc., sen prexuízo da súa cualificación conforme ao Código Penal.

3.4. A manipulación do equipo informático que supoña a instalación de programas externos ou facer un uso que afecte á propiedade intelectual, copyright, licenzas.

3.5. A consulta de contidos explícitos na internet.

### 4. RÉXIME SANCIONADOR

4.1. Sancións por infracción leve:

1. Incumprimentos das condicións xerais do servizo de préstamo: bloqueo do carné por un número de días equivalente aos do atraso na devolución.

2. Incumprimentos das normas de uso e funcionamento: bloqueo do carné ata un máximo de tres meses.

4.2. Sancións por infracción grave:

a. Sanciónanse co bloqueo do carné e a prohibición do acceso á biblioteca e do uso dos seus servizos de tres meses a un ano.

4.3. Sancións por infracción moi grave:

1. Sanciónanse co bloqueo do carné e a prohibición do acceso a biblioteca e do uso dos seus servizos entre un e dous anos.

2. Poderá sancionarse coa expulsión definitiva de todos os servizos da biblioteca a quen reincida en infraccións moi graves.

4.4. Responsabilidade patrimonial. Se a infracción consiste en causar danos no material, o equipamento, as instalacións ou na apropiación de calquera ben da biblioteca, a persoa usuaria resarcirá dos danos e prexuízos causados, independentemente da sanción que se lle impoña.

## f. RECLAMACIÓNS E SUXESTIÓNS

- a. Nas bibliotecas da Rede Municipal haberá formularios oficiais de reclamacións e suxestións a disposición das persoas usuarias.
- b. O Concello de Carballo responderá no prazo máximo dun mes á persoa usuaria da devandita reclamación.

## DISPOSICIÓNS FINAIS

**Primeira.-** A interpretación das normas deste regulamento correspóndelle á Alcaldía ou persoa ou órgano en quen delegue, que poderán ditar as instrucións necesarias para a súa aplicación.

**Segunda.-** Facúltase á Alcaldía ou persoa ou órgano en quen delegue para a aprobación de condicións xerais adicionais naqueles espazos ou servizos bibliotecarios por causas de forza maior, circunstancias excepcionais ou aquelas que se estime oportuno.

**Terceira.-** O presente regulamento entrará en vigor despois da publicación do seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, unha vez transcorrido o prazo establecido no artigo 65.2 LRBRL, e seguirá vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación.»

## **6.- Moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE, rexistro de entrada n.º 202290000002848 do 29 de abril, para elaborar unha estratexia municipal contra a soidade non desexada. (CIBPS de 24/05/2022).**

Dáse conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Benestar e Participación Social do 24/05/2022, punto 3 da orde do día, relativo á moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE, rexistro de entrada n.º 202290000002848 do 29 de abril, para elaborar unha estratexia municipal contra a soidade non desexada.

A Sra. Vila Blanco, voceira do grupo municipal do PSdeG-PSOE, di que levan moito tempo pensando esta moción e que están satisfeitos con ela porque a soidade é unha lacra máis de este século que aumentou durante a pandemia. En Carballo, 7.100 veciños teñen máis de 65 anos, e 2.000 máis de 80 anos. Os Concellos, dentro das súas competencias deben por en marcha os programas preventivos e accións correctoras que procedan. É un reto para os Concellos e pide que se elabore unha extratexia municipal contra a soidade non desexada. Propón crear unha Mesa de seguimento formada por políticos, veciños e profesionais do sector.

O Sr. Andrés Eirís, voceiro do grupo municipal TEGA, di que votarán a favor.

O Sr. Lorenzo Gómez, voceiro do grupo municipal do PP, di que existe un problema de soidade que se agrava coa xente que morre sola, ou que están deprimidos. Entenden que dende Servizos sociais do Concello se realiza unha labor importante e modifica o voto do seu grupo a favor.

A Sr. Ures García, concelleira delegada da Área de Igualdade, Benestar e Sanidade di que a soidade é unha lacra, pero tamén é un concepto subxectivo. Manifesta que votarán en contra da moción porque existe un Plan de Acción da Deputación para os anos 2020-2025 que pretende a construción dun sistema de benestar homoxéneo. Dito Plan, no seu punto 4.2.1 fala de deseñar programas específicos para o ano 2022. Así, en marzo púxose en marcha unha proba piloto. Ademais, a Xunta acaba de presentar un proxecto para paliar a soidade en forma de borrador, no que establece a responsabilidade da Xunta fronte a este problema. Considera que a prestación ten que ser homoxénea e por iso, realizar agora unha estratexia municipal carece de sentido xa que o propio é acollerse o plan da Deputación.

A Sra. Vila Blanco, voceira do grupo municipal do PSdeG-PSOE, felicítase polo Plan da Deputación e polo borrador do Plan da Xunta, pero reitera a súa petición porque deberíase empezar xa sen esperar a súa implementación. Di que retomará a moción dentro de dous o tres meses para ver o alcance do Plan da Deputación no Concello, e que fará o mesmo co Plan da Xunta no seu momento.

O Sr. Alcalde Presidente do Concello de Carballo, pregúntalle entón se hai que entender que retira a moción.

A Sra. Vila Blanco contéstalle que non.

Sometido o asunto a votación, con nove (9) votos a favor, dos concelleiros pertencentes ós grupos municipais do PSdG-PSOE (3), PP (4), e Terra Galega (2), e doce (12) votos en contra, dos concelleiros pertencentes ó grupos municipais do BNG, o Pleno da Corporación Municipal acorda rexeitar a moción presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE con rexistro de entrada nº 202290000002848 de 29 de abril.

**7.- Moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE, rexistro de entrada n.º 202290000002975 do 5 de maio para crear o “Recuncho do xadrez”, así como para celebrar o día mundial e promocionar o xogo. (CIBPS de 24/05/2022).**

Dáse conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Benestar e Participación Social do 24/05/2022, punto 4 da orde do día, relativo á moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE, rexistro de entrada n.º 202290000002975 do 5 de maio para crear o “Recuncho do xadrez”, así como para celebrar o día mundial e promocionar o xogo.

O Grupo Municipal do BNG presenta unha emenda ao texto presentado:

- Substituír os puntos 1 e 2 por esta nova redacción

Que o Concello de Carballo colabore coas entidades que promoven o xadrez no municipio na organización de actividades e eventos que axuden a popularizar este deporte, creando “O Recuncho do Xadrez” nunha ubicación accesible, céntrica e transitada, para que as persoas de calquera idade e condición poidan xogalo de forma gratuíta.

- Modificar o punto 4, que na parte resolutiva pasará a ser o número 3

Que o Concello continúe, en colaboración coas entidades que promoven o xadrez no municipio, a exercer un papel de coordinador, asesor, e patrocinador na medida das súas posibilidades, cando así se lle requira, tanto da comunidade educativa como das distintas entidades sociais que pensen utilizar o xadrez como unha ferramenta útil para os seus fins”

O Sr. Costa Trillo, concelleiro delegado do grupo municipal do PsdG-PSOE, le como quedan os puntos da moción trala emenda do BNG. Fai constar que xa foi no seu momento o Sr. Eirís Barca quen comentou esta iniciativa. Non é deportiva, por iso faláron con Xosé Regueira, que é un histórico do xadrez no Concello de Carballo. Agradece tamén a Xunta a cesión do espazo xove onde se atopa o Club de Xadrez de Carballo. Di que non hai moito tempo que se recoñece o valor educativo e na saúde do xadrez. Dende o Concello se propuxo crear o “recuncho de xadrez” para dar visibilidade a esta actividade. Así, o Sr. Trigo Facal propuxo contar con asesoramento de especialistas en xadrez. En moitos locais doutros concellos esta iniciativa non se levou a cabo e atopas taboleiros que non serven para xogar ou que non son de xadrez, por iso considera tan importante o asesoramento de especialistas.

O Sr. Eirís Barca, voceiro do grupo municipal TEGA, apoia a moción e manifesta que lles gustaría ver canto antes esta realidade.

O Sr. Lorenzo Gómez, voceiro do grupo municipal do PP, di que o seu grupo xa iba apoiar a moción na súa redacción orixinal, e que lle parece ben a emenda. Manifesta doutra banda, que existe un

déficit de espazos públicos para a práctica deportiva na rúa, así, na pista deportiva da Milagrosa os aros da canasta están rotos. Por iso apoiamos e solicitamos que se aposte polos espazos públicos urbanos para o deporte.

O Sr. Trigo Facal, concelleiro da Área de Deporte e Cultura, di que teñen a sorte de contar con expertos en xadrez polo que é importante contar co seu apoio. O Concello debe facilitar pero as persoas con coñecemento son as que deben formar parte do Club de Xadrez, de ahí a razón da emenda.

O Sr. Costa Trillo, concelleiro do grupo municipal PSdG-PSOE, da as gracias polo apoio e que non quede solo nunha iniciativa deportiva.

Sometido o asunto a votación coa emenda introducida, o Pleno municipal acorda por unanimidade dos seus membros (21):

**Primeiro.-** Que o Concello de Carballo colabore coas entidades que promoven o xadrez no municipio na organización de actividades e eventos que axuden a popularizar este deporte, creando “O Recuncho do Xadrez” nunha ubicación accesible, céntrica e transitada, para que as persoas de calquera idade e condición poidan xogalo de forma gratuíta.

**Segundo.-** Que o Concello terá en conta as posibilidades transversais e multidisciplinaís do xadrez para incluílo en todas aquelas facetas nas que poida resultar beneficioso mais aló do ámbito deportivo.

**Terceiro.-** Que o Concello continúe, en colaboración coas entidades que promoven o xadrez no municipio, a exercer un papel de coordinador, asesor, e patrocinador na medida das súas posibilidades, cando así se lle requira, tanto da comunidade educativa como das distintas entidades sociais que pensen utilizar o xadrez como unha ferramenta útil para os seus fins”

**8.- Moción do grupo municipal do Partido Popular, rexistro de entrada n.º 202299900002042 do 18/05/2022, sobre Bonificacións no IVTM a vehículos ECO e 0 emisións. (CIFECRIC de 24/05/2022).**

Dáse conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda, Especial de Contas, Réxime Interior e Contratación do 24/05/2022, punto 3 da orde do día, relativo á moción do grupo municipal do Partido Popular, rexistro de entrada n.º 202299900002042 do 18/05/2022, sobre Bonificacións no IVTM a vehículos ECO e 0 emisións.

O grupo municipal do PP presenta unha autoemenda ao texto ditaminado no que indica que ao comezo do texto no punto 1 se engade “Iniciar os traballos de estudo para modificar a ordenanza fiscal nº3, reguladora do Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica (IVTM), de tal xeito que no apartado de bonificacións se teña en conta o seguinte:

- a) “Gozarán dunha bonificación do 75% (o máximo aplicable segundo o que se refire o Real Decreto Legislativo 2/2004 de facendas locais) ós vehículos que contén co distintivo ambiental 0 emisións da DXT”.
- b) “Gozarán dunha bonificación do 75% (o máximo aplicable segundo o que se refire o Real Decreto Legislativo 2/2004 de facendas locais) durante un período de 6 anos dende a súa matriculación, os vehículos que contén co distintivo ambiental ECO da DXT”.

Exp. 2022/G010/000005

O Sr. Lorenzo Gómez di sobre a autoemenda que detectaron que as vendas de vehículos eléctricos e híbridos en Carballo non son boas e para incentivalas plantexan a posibilidade de bonificar o Imposto sobre vehículos de tracción mecánica. Parece razoable que haxa mecanismos de bonificación fiscal. A industria e máis respetuosa co medio ambiente, e dende Europa anunciouse a prohibición dos vehículos diésel e gasóleo a partir do ano 2035. O noso Concello debe actualizar os mecanismos de bonificación para incentivar a súa adquisición. A ordenanza regula bonificacións do 75% para vehículos que utilicen motores de hidróxeno, auga ou electricidade sen uso de combustibles derivados do petróleo. Deberían incluír os demais que contan con distintivos eco. No punto segundo da autoemenda pídesse facer un seguemento público destes vehículos.

O Sr. Eirís Barca, voceiro do grupo municipal TEGA, mantén o sentido do voto, a favor, e di que a ver se se fai.

A Sra. Vila Blanco, voceira do grupo municipal do PSdG-PSOE, entende o sentido da moción, pero di que o punto terceiro non é asumible porque estamos en prazo de período voluntario de pago e se felicita pola autoemenda. En canto o punto segundo di que xa se encarga o INE. En todo caso, está a favor do punto número un, pero a favor dos outros non.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que están dacordo coa moción e autoemenda introducida sempre que se eliminen os apartados a) e b) do punto 1 da proposta de acordo. É preciso facelo así para que exista un expediente no que os técnicos municipais informen e establezan que bonificación procede. O padrón vehículos ten case 2.000 vehículos cunha antigüidade superior a 25 anos, e non se poderían bonificar. Non podemos estar dacordo con sinalar o importe da bonificación, e tal e como está redactada a moción non se podería adoptar polo que terían que votar en contra, salvo que se eliminen os apartados citados.

O Sr. Lorenzo Gómez, voceiro do grupo municipal do PP, di que o INE non traslada información veraz porque non se pode aplicar bonificacións os vehículos eléctricos porque non figuran. Piden a bonificación máxima xa que outros Concellos están en esas ratios, non é un criterio propio PP. Gustaríalle que se actualizase a Ordenanza. Non se lle pide que penalice os que non teñen vehículos eléctricos. Non se enrocan en que se aprobe a moción tal cal así que aceptan a modificación proposta polo BNG.

A Sra. Vila Blanco, voceira do grupo municipal do PSdG-PSOE, comparte a proposta de actualizar a Ordenanza, pero discrepa dos puntos dous e tres. Non poden votar a favor tal e como está redactada.

O Sr. Lorenzo Gómez, voceiro do grupo municipal do PP, di que están dispostos a modificar a moción e autoemenda presentadas, eliminando os apartados a) e b) do punto 1º.

Sometido o asunto a votación coa autoemenda introducida, e as modificacións aceptadas, o Pleno municipal acorda por unanimidade dos seus membros (21) acorda:

Instar ao goberno municipal do Concello de Carballo a:

**Primeiro.-** Iniciar os traballos de estudo para modificar a ordenanza fiscal nº 3, reguladora do Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica (IVTM).



**Segundo.-** Instar ao goberno municipal a levar un seguimento activo dos vehículos 0 emisións no concello coa súa oportuna publicación na páxina web da corporación.

**Terceiro.-** Que se faga todo o posible para que esta modificación da ordenanza poida entrar en vigor e aplicarse no exercicio 2023.

**9.- Moción do grupo municipal do PP, rexistro 202299900002043 de 18/05/2022 para incentivar o uso vehículos “eco” e “0 emisións”. (CIFECRIC de 24/05/2022).**

Dáse conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda, Especial de Contas, Réxime Interior e contratación do 24/05/2022, punto 4 da orde do día, relativo á moción do grupo municipal do PP, rexistro 202299900002043 de 18/05/2022 para incentivar o uso vehículos “eco” e “0 emisións”

O Sr. Lorenzo Gómez, voceiro do grupo municipal do PP, di que presentaron dúas mocións pero ambas co mesmo argumento. Na actualidade é necesario ofrecer puntos de carga públicos para os vehículos eléctricos. Existen un par de prazas pero queremos máis, que o Concello de Carballo sexa un referente incluso a nivel turístico e que os vehículos 0 emisións teñan estacionamento sen límite de tempo.

O Sr. Eirís Barca, voceiro do grupo municipal TEGA, di que votará a favor.

A Sra. Vila Blanco, voceira do grupo municipal do PSdG-PSOE, di que non poden apoiar a moción porque fai un tempo votouse en contra unha moción formulada polo seu grupo, para que non se puxera límite na “ORA” para os minusválidos. E que está dacordo cos puntos dous e tres.

O Sr. Seoane Collazo, concelleiro delegado da Area de Mobilidade, Seguridade, Feiras e Mercados, di que non poden apoiar a proposta porque soamente fala de cambiar vehículos privados e o BNG quere un cambio de modalidade. Se a zona azul instaurouse para a rotación de vehículos nas zonas comerciais carece de sentido convertilas en zonas de aparcamento privilexiado. Xa existe un punto de recarga na zona de Rego da Balsa que está infrutilizado. Non é algo urgente.

O Sr. Lorenzo Gómez, voceiro do grupo municipal do PP, di que o punto de carga está infrutilizado porque é moi lento, e que se houbese máis utilizaríanse. Parece que o BNG está en contra dos vehículos privados.

A Sra. Vila Blanco, voceira do grupo municipal do PSdG-PSOE, reitera que lle parece un agravio comparativo o punto un, fronte a súa moción para o uso polos minusválidos.

O Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Carballo, don Evencio Ferrero Rodriguez, fai constar que en Carballo soamente existen 23 vehículos emisión 0, polo que lle parece excesivo reservarlles prazas.

O Sr. Seoane Collazo, concelleiro delegado da Area de Mobilidade, Seguridade, Feiras e Mercados, di que o BNG non está en contra dos vehículos privados, senón en contra do seu uso inadecuado en zona urbana. As zonas azuis incentivan que a xente veña a Carballo porque sabe onde pode aparcar.

O Sr. Lorenzo Gómez, voceiro do grupo municipal do PP, pide que conste en acta que o PP solicita que se faga a circunvalación da Xunta o antes posible.

Sometido o asunto a votación, con seis (6) votos a favor, dos concelleiros pertencentes ós grupos municipais do PP (4) e TEGA (2), doce (12) votos en contra, dos concelleiros pertencentes ó grupos municipais do BNG e tres (3) abstencións dos concelleiros pertencentes ó grupo municipal do PSdG-PSOE, o Pleno da Corporación Municipal acorda rexeitar a moción presentada polo grupo municipal do PP, rexistro 202299900002043 de 18/05/2022 para incentivar o uso vehículos “eco” e “0 emisións”.

## 10.- Seguimento de órganos de goberno:

### 10.1.- Informe de Intervención e Tesourería do cumprimento da lei 15/2010 do 5 de xullo, que modifica a lei 3/2004 do 29 de decembro, de medidas contra a morosidade, relativo ao primeiro trimestre de 2022. Toma de coñecemento.

Dáse conta e transcríbese o informe de tesourería de 09/05/2022 e intervención de 11/05/2022 contido no expediente 2022/X999/000569.

#### Legislación aplicable

- Ley 15/2010, de 5 de julio, de modificación de la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales.
- Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público.

La Ley 15/2010, de 5 de julio, de modificación de la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales, establece en el apartado 3 de su artículo cuarto: *“Los Tesoreros o, en su defecto, Interventores de las Corporaciones locales elaborarán trimestralmente un informe sobre el cumplimiento de los plazos previstos en esta Ley para el pago de las obligaciones de cada Entidad local, que incluirá necesariamente el número y cuantía global de las obligaciones pendientes en las que se esté incumpliendo el plazo.”*

El apartado 4 del mismo artículo, establece que *“Sin perjuicio de su posible presentación y debate en el Pleno de la Corporación local, dicho informe deberá remitirse, en todo caso, a los órganos competentes del Ministerio de Economía y Hacienda y, en su respectivo ámbito territorial, a los de las Comunidades Autónomas que, con arreglo a sus respectivos Estatutos de Autonomía, tengan atribuida la tutela financiera de las Entidades locales. Tales órganos podrán igualmente requerir la remisión de los citados informes.”*

La Ley 3/2004, establece en su artículo 3, apartado 1, que la Ley será de aplicación a todos los pagos efectuados como contraprestación en las operaciones comerciales realizadas entre empresas y la Administración de esta Entidad Local, de conformidad con lo establecido en la Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público.

Así, según establece el artículo 198.4 de la Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público, la Administración tendrá la obligación de abonar el precio dentro de los treinta días siguientes a la fecha de aprobación de las certificaciones de obra o de los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados, sin perjuicio de lo establecido en el apartado 4 del artículo 210, y si se demorase, deberá abonar al contratista, a partir del cumplimiento de dicho plazo de treinta días los intereses de demora y la indemnización por los costes de cobro en los términos previstos en la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales. (...) Sin perjuicio de lo establecido en el apartado 4 del artículo 210 y en el apartado 1 del artículo 243, la Administración deberá aprobar las certificaciones de obra o los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados dentro de los treinta días siguientes a la entrega efectiva de los bienes o prestación del servicio.

La Orden ministerial HAP/2105/2012, de 1 de octubre, modificada por la Orden HAP/2082/2014, de 7 de noviembre, que determina el procedimiento a seguir para la remisión de la información, establece en su artículo 16.6 que antes del último día del mes siguiente a la finalización de cada trimestre del año se remitirá, entre otros, el informe trimestral, regulado en el artículo 4 de la Ley 15/2010, de 5 de julio, de modificación de la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales, en la que se incluirá, al menos, de acuerdo con la metodología establecida para el cálculo el periodo medio de pago a proveedores de las Administraciones Públicas, el detalle

**CONCELLO DE CARBALLO**

C.I.F.: P1501900C  
Praza do Concello S/N  
Teléfono 981 70 41 00  
www.carballo.gal  
infocarballo@carballo.gal  
15100 CARBALLO - A Coruña



Exp. 2022/G010/000005

del periodo medio de pago global a proveedores y del periodo medio de pago mensual y acumulado a proveedores, así como de las operaciones pagadas y pendientes de pago de cada entidad y del conjunto de la Corporación Local.

En virtud de todo lo expuesto y para dar cumplimiento a la obligación legal, se detallan a continuación una relación de las obligaciones del ayuntamiento en la que se especifica el número y cuantía de las obligaciones pendientes en las que se está incumpliendo el plazo y se adjuntan los siguientes informes:

- a) Pagos realizados en el trimestre: Resumen extraído de la plataforma AUTORIZA, del Ministerio de Hacienda, y desglose en el Anexo I extraído de la aplicación contable municipal.
- b) Intereses de demora pagados en el trimestre: Resumen extraído de la plataforma AUTORIZA, del Ministerio de Hacienda.
- c) Facturas o documentos justificativos pendientes de pago al final del trimestre: Resumen extraído de la plataforma AUTORIZA, del Ministerio de Hacienda y desglose en el Anexo II extraído de la aplicación contable municipal.
- d) Detalle del período medio de pago global a proveedores (formato extraído de la plataforma AUTORIZA, del Ministerio de Hacienda).

## REMISIÓN AL PLENO DEL AYUNTAMIENTO

En virtud de lo establecido en Ley 15/2010, de 5 de julio, de modificación de la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales, adjunto remitimos el informe correspondiente al primer trimestre de 2022 sobre el cumplimiento de los plazos previstos en la Ley 15/2010, de 5 de julio, para el pago de las obligaciones de cada Entidad Local, que incluye:

- a) Pagos realizados en el trimestre.
- a) Intereses de demora pagados en el trimestre.
- b) Facturas o documentos justificativos pendientes de pago al final del trimestre.
- c) Detalle del período medio de pago global a proveedores.

### Informe de Morosidad Carballo

#### EJERCICIO 2022

#### PRIMER TRIMESTRE

Código Entidad	de Entidad	Tipo de Contabilidad	Pagos realizados en el periodo				
